



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

PLAN ESTRATÉGICO DE MELLORA DOS CENTROS PROA+ DE GALICIA

CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE (A GUARDA) - 36003959

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1 Vixencia do plan.....	3
1.2 Equipo dinamizador e proceso participativo.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
2.1 Características e singularidades do centro. Formulación institucional.....	5
2.2 Perfil da diversidade do alumnado.....	10
3. IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE MELLORA.....	15
3.1 Instrumentos de recollida de información previa.....	15
3.2 DAFO.....	15
3.2.1 Análise e interpretación dos datos DAFO e selección de obxectivos PROA+.....	16
4. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN.....	18
5. MARCO DE PLANIFICACIÓN PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA.....	19
6. OBXECTIVOS PROA+.....	19
7. ACTUACIÓNS.....	21
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	26
8.1 Seguimento e avaliación das actuacións (Actividades Panca).....	26
8.2 Avaliación dos obxectivos PROA+.....	29
9. PROCEDIMENTO PARA A DIFUSIÓN, REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA.....	32

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Vixencia do plan

O plan estratéxico de mellora terá unha vixencia de tres cursos. Rematado ese período, o Equipo Directivo valorará a posibilidade de propoñer ao Claustro e ao Consello Escolar darlle continuidade, segundo os resultados obtidos e o grao de asimilación das dinámicas de traballo.

1.2 Equipo dinamizador e proceso participativo

O Equipo directivo fixo a seguinte proposta de composición do Equipo dinamizador de xeito que a representación dos diferentes ciclos e equipos fose o máis ampla posible. Unha vez proposta levouse ao claustro para a súa ratificación, feito que tivo lugar o día 2 de abril de 2024.

- María del Carmen González Barbosa.- representante do equipo de infantil e coordinadora de Voz Natura.
- Nerea Costas Pereira.- representante do equipo de convivencia e do departamento de orientación (PT)
- María Merino Arévalo.- representante do 1º ciclo de primaria e do equipo de biblioteca
- Jennifer Otero González.- representante do 2º ciclo de primaria, coordinadora do equipo TIC, Abalar e do plan dixital.
- Luis Alberto Alonso Vicente.- representante do 3º ciclo de primaria, do equipo de dinamización da lingua galega e secretario do centro.
- María Copena Soutelo.- como mestra PROA+ e representante do equipo de dinamización da biblioteca.
- Javier Constenla Ribadeo.- como director do centro e coordinador de todo o proceso.

Todo o profesorado escollido, agás a mestra de PROA+ loxicamente, ten destino definitivo no centro para poder dinamizar a súa posta en marcha, avaliación e mellora nun futuro.

A proposta inicial para organizar as xuntanzas do Equipo dinamizador é aproveitar as sesións de CCP, convidando ás mesmas ás persoas do equipo que non forman parte del habitualmente para presentar os avances realizados polo Equipo e recoller posibles achegas ou emendas.

Con respecto ao proceso de elaboración, detallamos a temporalización:

1. Constitución do Equipo dinamizador: mes de marzo de 2024.

2. Formación específica ofertada pola Consellería:

- Xornada de formación inicial en Santiago de Compostela o 6 de marzo de 2024.
- Videoconferencias a través de Webex:
 - 14 de marzo de 2024
 - 8 de abril de 2024
 - 22 de abril de 2024
 - 6 de maio de 2024
 - 31 de maio de 2024

3. Difusión do PEM; unha vez rematado o PEM será trasladado e explicado tanto ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa aprobación e daráselle publicidade a través da web e de Abalar móbil para que chegue a toda a comunidade escolar.

4. Elaboración do PEM; estableceuse o seguinte cronograma que se tratará de seguir sen prexuízo de que, se se presenta a oportunidade, se adianten os prazos.

- marzo/abril: apartados 1, 2 (incluídos: "Perfil da diversidade do alumnado" e "Cuestionario de escola inclusiva").

- do 8 ao 19 de abril: apartados 3 e 4.

- do 20 de abril ao 2 de maio: apartados 5, 6 e 7.

- do 3 ao 20 de maio: apartado 8.

- do 21 de maio ao 3 de xuño: apartado 9.

O Equipo dinamizador será o encargado de ir elaborando os diferentes apartados, repartindo o traballo segundo a dispoñibilidade dos/das seus/súas integrantes. Para os apartados 2 e 3 será precisa a colaboración das titoras e, de ser o caso, tamén a xefa do D.O.

5. Aprobación do PEM;

Prevese que a finais de xuño, na última reunión dos órganos colexiados, se traslade o PEM a

estes para a súa aprobación.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 Características e singularidades do centro. Formulación institucional

ENTORNO SOCIO-ECONÓMICO

O CEIP Manuel Rodríguez Sinde é un centro situado no centro da vila da Guarda. O concello da Guarda ten unha poboación aproximada de 10.300 habitantes e ocupa unha superficie de 20,5 Km2 con unha densidade de poboación de 500 hab./km2.

É un dos municipios da provincia de Pontevedra que integran a Comarca do Baixo Miño xunto con Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.

A vila da Guarda conta cunha Biblioteca Municipal, un Centro Cultural, o Museo do Mar, Museo do pobo Castrexo, a Casa dos Alonsos onde se ofrecen todo tipo de actividades culturais e exposicións. Conservatorio de música, centros de idiomas, centro de saúde, piscina municipal, residencia da terceira idade, e unha sociedade recreativa privada, entre outros.

En canto a colexios públicos contamos con tres e dous concertados, con un IES e un centro de educación especial, para os máis pequenos dúas escolas infantís do 1º ciclo. Os centros concertados acollen parte da rapazada que non ten cabida nestes centros.

Unha parte do alumnado procede de familias onde o pai realiza o seu traballo no sector primario, en traballos relacionados coa pesca.

A nosa vila acolle numeroso turismo nos meses de verán principalmente, polo que tamén hai unha parte das familias que se dedica ao sector servizos (comercio, empregados,...).

Danse casos de familias con algún ou varios dos seus membros en paro.

Nos últimos anos produciuse un significativo aumento do alumnado procedente do estranxeiro destacando Marrocos e Brasil como país de orixe. Tamén temos casos doutros países de América do Sur (Venezuela, A Arxentina, Perú,...) En varios destes casos as altas e tamén baixas prodúcense ao longo do curso. É importante salientar que a maioría do alumnado procedente de Marrocos descoñece ambas linguas oficiais e o mesmo acontece coas nais polo que só teñen contacto cos nosos idiomas no centro.

Por todo o anterior cremos que as familias dos nosos alumnos están dentro dunha clase social

media e media-baixa.

A convivencia no centro adoita ser tranquila con pequenos conflitos entre o alumnado que se poden considerar habituais no contexto no que se dan.

2.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

ESTANCIAS

O edificio está distribuído en tres andares. No andar inferior (soto) atópase o ximnasio, os vestiarios correspondentes e unhas dependencias pouco ventiladas que serven de almacén.

Na planta baixa atópanse as aulas de educación infantil, a aula de psicomotricidade, o comedor escolar, o departamento de orientación, a radio escolar, almacéns de material escolar, a secretaría e xefatura de estudos, a dirección, a sala do profesorado, as dependencias da ANPA, un cuarto de baño adaptado e os baños do profesorado e de alumnado.

Na primeira planta atópanse o resto das aulas de 1º a 6º de primaria, aula de música, aula de pedagogía terapéutica, aula de audición e linguaxe, aula de informática, a biblioteca, despacho de inglés e relixión, un cuarto de baño adaptado e os cuartos de baño dos nenos e das nenas.

O centro escolar conta cun pavillón polideportivo no seu recinto. Patio de recreo ao aire libre que arrodea o edificio escolar, e un patio posterior ao pavillón.

Considérase que as dependencias resultan escasos posto que para o ano está previsto un desdobre que implicará empregar a actual aula TIC como aula de titoría e non se dispón de aulas para outras tarefas.

O centro a pesar da dificultade que presenta o seu acceso pola imposibilidade de acceder cun vehículo as instalacións, por atoparse nun alto e ter que acceder por escaleiras, podemos dicir que cumpre coa lexislación vixente en canto ás barreiras arquitectónicas, conta con ascensor que comunica as tres plantas do edificio, e cuartos de baño adaptados.

PROFESORADO

O profesorado está en situación definitiva no centro agás nos casos especificados:

- 5 titores de educación primaria (dúas provisionais)
- 1 titora especialista en filoloxía francesa
- 1 mestra especialista en filoloxía inglesa

- 3 mestras titoras de educación infantil
- 1 mestra de apoio de educación infantil
- 1 mestre especialista en educación física
- 1 mestre especialista en educación musical
- 2 mestras de pedagogía terapéutica (unha en comisión de servizos)
- 1 mestra de audición en linguaxe (en comisión de servizos)
- 1 mestra de PROA+ (a media xornada de outubro a xuño)
- 1 mestra xefa do departamento de orientación
- 1 mestra de relixión.
- 1 auxiliar de conversa (dous días á semana nos meses de outubro a maio)

Os tres últimos casos están compartidos co CEIP Nicolás Gutiérrez Campo – As Solanas.

Polo tanto, hai 4 profesoras a maiores das 15 prazas establecidas no catálogo.

Tamén se conta cunha coidadora.

ALUMNADO

En canto a alumnado, podemos indicar que a día de hoxe contamos con 150 alumnos e alumnas repartidos en 9 grupos, repartidos en 3 cursos de educación infantil e 6 de primaria.

A procedencia do mesmo é heteroxénea, destacando, ademais da española, a nacionalidade marroquí e as nenas e nenos con orixe en América do Sur.

PROXECTOS E PROGRAMAS

O centro participa en diversidade de programas da Consellería e doutras institucións. Podemos citar os seguintes como os máis destacados PROA+, Contratos-Programa, PLAMBE, Radio na biblio, Seccións Bilingües e Auxiliares de Conversa, Plan Director ou Voz Natura.

ANPA CITANIA

O centro conta cunha asociación de nais e pais moi implicada na vida do centro colaborando en diversas actividades ao longo do curso, na colaboración na adquisición de recursos para o centro e, sobre todo, coa xestión do comedor escolar.

3-MISIÓN, VISIÓN E VALORES

En canto á **misión** do centro debemos destacar que o noso centro resulta unha entidade de referencia na inclusión do noso alumnado e por extensión, ás familias, principalmente en relación a nenas e nenos con diversidade funcional e a aquelas procedentes do estranxeiro.

Polo tanto un dos nosos obxectivos radica na intención de garantir unha educación de calidade e inclusiva para toda a rapazada que conforma a nosa comunidade de xeito que permita formar cidadáns e cidadás activos na sociedade actual.

En segundo termo, debemos indicar que, no referente á **visión**, pretendemos avanzar cara un centro que:

- a) Ofreza unha educación inclusiva e de calidade a todo o alumnado e na procura do desenvolvemento íntegro da súa personalidade e capacidades.
- b) Procure a integración e posta en valor da diversidade de todo tipo a través do achegamento á multiculturalidade.
- c) Procure a excelencia educativa a través da aposta por metodoloxías innovadoras e activas adaptadas ás necesidades do alumnado.
- d) Preste atención ao desenvolvemento integral das nenas e nenos con especial énfase no benestar emocional tanto da rapazada como do resto de persoas que participan no proceso.
- e) Procure a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razóns relixiosas ou de orientación ou identidade sexual entre outras.
- f) Fomente a colaboración de todos os sectores da comunidade educativa.

Por último, pretendemos educar en **valores** orientados a conseguir persoas libres, solidarias, democráticas, responsables, autocríticas, tolerantes e comprometidas socialmente.

Para iso son valores que impregnan o centro, entre outros:

- Solidariedade, empatía e cooperación
- Respetto á diversidade, feminismo, xustiza e igualdade
- Tolerancia
- Liberdade e espírito crítico
- Autoestima, hábitos saudables, benestar emocional e equilibrio persoal
- Amor ao traballo e esforzo persoal
- Respetto á natureza e coidado do medio ambiente

- Aprender a apreciar a beleza das cousas
- Inclusión

A pretensión do centro é continuar traballando neste sentido cara o desenvolvemento pleno do alumnado impregnando a súa personalidade destes valores e na procura da mellora do éxito educativo na medida do posible. Isto non será posible se non se avanza na inclusión do alumnado con necesidades educativas.

2.2 Perfil da diversidade do alumnado

CONDICIÓN DE EDUCABILIDADE (describir brevemente)	(Número) e % alumnado con necesidades significativas en cada etapa					
	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
Necesidades asistenciais	12% (18)	3,33% (5)	8,66% (13)			
A1. Alimentación	3	1	2			
A2. Vestiario	5	2	3			
A3. Hixiene	7	1	6			
A4. Vivenda e subministración básica	2	1	1			
A5. Saúde	1	0	1			
Necesidades escolares	16% (24)	2,66% (4)	13,33% (20)			
E1. Escolarización	1	1	0			
E2. Pagos (libros, material, saídas, comedor, transporte, ...)	3	1	2			
E3. Condicións de estudo na casa	8	0	8			
E4. Seguimento da escolarización pola familia	1	0	1			
E5. Clima familiar propicio	3	2	1			
E6. Fenda dixital (dispositivos e/ou acceso a Internet)	8	0	8			
Necesidades socioeducativas (dentro ou fóra da escola)	17,33% (26)	0% (0)	17,33% (26)			
S1. Actividades complementarias (reforzamento escolar, ...)	15	0	15			
S2. Actividades extraescolares (deporte, música, teatro, ocio educativo, ...)	11	0	11			
Observacións: Os datos totais poden resultar enganosos posto que algún alumno ou alumna computa en diferentes						

apartados.

NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE) LOMLOE	(Número) e % alumnado con necesidades significativas en cada etapa					
	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
NEE - Necesidades educativas especiais	11,33% (17)	0,66% (1)	10,66% (16)			
NEE1. Discapacidade Intelectual	2	0	2			
NEE2. Trastorno do espectro autista (TEA)	5	0	5			
NEE3. Trastornos graves de conduta	2	0	2			
NEE4. Trastornos graves da comunicación e da linguaxe	4	0	4			
NEE5. Discapacidade motora	1	0	1			
NEE6. Plurideficiencia	0	0	0			
NEE7. Discapacidade auditiva	1	0	1			
NEE8. Discapacidade visual	3	0	3			
NEE9. Outras necesidades (concretar):	0	0	0			
AC - Altas capacidades intelectuais	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
	0% (0)	0% (0)	0 5(0)			
IT - Integración tardía no sistema educativo español	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
	13,33% (20)	0% (0)	13,33% (20)			
IT1. Escolarizado nun ou dous cursos inferiores	9	0	9			
IT2. Atención educativa transitoria para facilitar inclusión, recuperar desfase curricular ou dominio da lingua vehicular	11	0	11			
Outras necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
	32% (48)	4% (6)	28% (42)			

NEAE1. Atraso de maduración	3	0	3			
NEAE2. Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación	7	3	4			
NEAE3. Trastornos de atención	4	0	4			
NEAE4. Trastornos de aprendizaxe	15	0	15			
NEAE5. Descoñecemento da lingua de aprendizaxe	13	2	11			
NEAE6. Vulnerabilidade socioeducativa: alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, dous ou máis cursos de desfase por pertenza a minorías étnicas e/ou culturais, factores sociais, económicos ou xeográficos, ou por escolarización irregular	3	0	3			
NEAE7. Condicións persoais ou de historia escolar	3	1	2			
DA - Dificultades para a aprendizaxe por necesidades non cubertas	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
	68,66% (103)	9,33% (14)	59,33% (89)			
DA1. Risco de pobreza e exclusión	5	1	4			
DA2. Baixo nivel educativo da familia/titores legais, especialmente da nai (<ESO)	14	2	12			
DA3. Incumprimento da función socializadora-educativa da familia	2	1	1			
DA4. Víctimas de violencia, maltrato infantil	0	0	0			
DA5. Migrantes, refuxiados/as	21	2	19			
DA6. Diferenza entre a lingua familiar e a da escola	19	2	17			
DA7. Colectivos socialmente estigmatizados	7	1	6			
DA8. Entorno familiar segregado	6	3	3			
DA9. Necesidade de reforzo educativo (alumnado repetidor, absentista, ...)	29	2	27			
Observacións:						
Os datos totais poden resultar enganosos posto que hai alumnos e alumnas que computan en diferentes apartados.						

LENDAS: EI (Educación Infantil), EP (Educación Primaria), ESO (Educación Secundaria Obligatoria), BACH (Bacharelato), FP (Formación Profesional).

ÁMBITOS DE INTERESE E POTENCIALIDADES	(Número) e % alumnado con cada tipo de interese e potencialidades persoais					
	Total	EI	EP	ESO	BACH	FP
AI – Ámbitos de interese do alumnado	100% (9)	33% (3)	66% (6)			
Curso tranquilo	11,11% (1)	11,11% (1)	0% (0)			
Actividades e/ou xogos manipulativos, aprendizaxe lúdica	33,33% (3)	22,22% (2)	11,11% (1)			
Música, baile e xogos cooperativos	11,11% (1)	0% (0)	11,11% (1)			
Curiosidade, interese e fácil motivación	22,22% (2)	0% (0)	22,22% (2)			
Deportes e videoxogos	22,22% (2)	0% (0)	22,22% (2)			
PF – Puntos fortes do alumnado	100% (9)	33% (3)	66% (6)			
Socialización, coexión e traballo	33,33% (3)	22,22% (2)	11,11% (1)			
Nivel de atención e interese	33,33% (3)	11,11% (1)	22,22% (2)			
Participación activa	11,11% (1)	0% (0)	11,11% (1)			
Gusto pola aprendizaxe mediante xogos	11,11% (1)	0% (0)	11,11% (1)			
Bo rendemento académico	11,11% (1)	0% (0)	11,11% (1)			

Observacións:

3. IDENTIFICACIÓN DAS ÁREAS DE MELLORA

3.1 Instrumentos de recollida de información previa

Fontes internas	Cuestionario de escola inclusiva (ANEXO 1)
	Programacións e memorias
	Cuestionarios realizados a profesorado, alumnado e PAS
Fontes externas	Avaliación de diagnóstico
	Cuestionarios realizados a familias e concello

3.2 DAFO

1. VARIABLES EXTERNAS QUE INCIDEN NO CENTRO	
OPORTUNIDADES	AMEAZAS
OP1. Oferta formativa, de lecer e de apoio ás familias por parte de entidades e asociacións locais	A1. Incremento da poboación procedente do estranxeiro
OP2. Implicación e colaboración da ANPA nas actividades do centro e por parte dunha gran maioría de familias	A2. Diminución do poboación infantil no Concello
OP3. Colaboración con agrupacións, asociacións e entidades locais do eido sociosanitario, cultural ou solidario	A3. Aumento de ideoloxías e prexuízos contrarios á convivencia e o respecto na sociedade
OP4. Aumento da diversidade cultural na contorna	A4. Incremento na cantidade de familias en risco de exclusión ou baixo nivel económico e /ou cultural
2. VARIABLES INTERNAS QUE INCIDEN NO CENTRO	
FORTALEZAS	DEBILIDADES

F1. Estabilidade e implicación do profesorado	D1. Falta de afondamento no traballo do bienestar emocional e da resiliencia
F2. Implicación no relativo á formación continua do profesorado do centro	D2. Incremento do alumnado nee/nea
F3. Participación en numerosos programas da Consellería	D3. Centro en xeral e biblioteca en particular non accesibles a determinado alumnado
F4. Comunicación e divulgación da vida do centro	D4. Carencia de recursos espaciais no centro e mala adecuación ás necesidades do centro dalgúns dos dispoñibles

3.2.1 Análise e interpretación dos datos DAFO e selección de obxectivos PROA+

1. VARIABLES EXTERNAS QUE INCIDEN NO CENTRO	
OPORTUNIDADES	Traslado a obxectivo PROA+
OP1. Oferta formativa, de lecer e de apoio ás familias por parte de entidades e asociacións locais	Non
OP2. Implicación e colaboración da ANPA nas actividades do centro e por parte dunha gran maioría de familias	Non
OP3. Colaboración con agrupacións, asociacións e entidades locais do eido sociosanitario, cultural ou solidario	Non
OP4. Aumento da diversidade cultural na contorna	Non
AMEAZAS	Traslado a obxectivo PROA+
A1. Incremento da poboación procedente do estranxeiro	Non
A2. Diminución do poboación infantil no Concello	Non
A3. Aumento de ideoloxías e prexuízos contrarios á convivencia e o respecto na sociedade	Non

A4. Incremento na cantidade de familias en risco de exclusión ou baixo nivel económico e /ou cultural	Non
2. VARIABLES INTERNAS QUE INCIDEN NO CENTRO	
FORTALEZAS	Traslado a obxectivo PROA+
F1. Estabilidade e implicación do profesorado	Non
F2. Implicación no relativo á formación continua do profesorado do centro	Non
F3. Participación en numerosos programas da Consellería	Non
F4. Comunicación e divulgación da vida do centro	Non
DEBILIDADES	Traslado a obxectivo PROA+
D1. Falta de afondamento no traballo do benestar emocional e da resiliencia	Si
D2. Incremento do alumnado nee/nea	Si
D3. Centro en xeral e biblioteca en particular non accesibles a determinado alumnado	Si
D4. Carencia de recursos espaciais no centro e mala adecuación ás necesidades do centro dalgúns dos dispoñibles	Non

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

Código	Estratexia	Relación cos obxectivos							
		01	02	03	04	05	06	07	08
		Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais	Reducir a repetición	Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe	Reducir o absentismo escolar e mellorar as fases do proceso de aprendizaxe	Conseguir e manter un bo clima no centro educativo	Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción de aprender e ensinar	Conseguir e manter expectativas positivas do profesorado sobre todo o alumnado	Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro
E1	Accións para seguir e "asegurar" as condicións de educabilidade								
E2	Accións para apoiar o alumnado con dificultades para a aprendizaxe			<input checked="" type="checkbox"/>					
E3	Accións para desenvolver actitudes positivas no centro (transversais)	<input checked="" type="checkbox"/>							
E4	Accións para mellorar o proceso E/A das competencias esenciais no alumnado con dificultades de aprendizaxe								
E5	Accións e compromisos de xestión de centro e para mellorar a estabilidade e calidade dos/as profesionais								<input checked="" type="checkbox"/>
E6	Accións non PROA+ definidas e frecuentemente financiadas polas administracións educativas que son clave e non están consolidadas no funcionamento do centro:	<input checked="" type="checkbox"/> Contratos - Programa				<input checked="" type="checkbox"/> Contratos - Programa --- Plan director	<input checked="" type="checkbox"/> Contratos - Programa		<input checked="" type="checkbox"/> Contratos - Programa

5. MARCO DE PLANIFICACIÓN PARA UNHA ESCOLA INCLUSIVA

Marco de planificación			
A – Creando culturas inclusivas			
A1. Construíndo comunidade		A2. Establecendo valores inclusivos	
Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):	5	Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):	1
Que imos facer? A233: Dinamización de bibliotecas escolares			
B – Promovendo políticas inclusivas			
B1. Desenvolvendo un centro para todos e para todas		B2. Organizando o apoio	
Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):	11	Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):	3
Que imos facer? A230: Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias			
C – Desenvolvendo prácticas inclusivas			
C1. Construíndo un currículo para todos e para todas		C2. Orquestando a aprendizaxe	
Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):	3	Indicador inclusivo para mellorar (código do ítem do cuestionario):	11
Que imos facer? A305: Miradas emocionais para mellorar a aprendizaxe			

6. OBXECTIVOS PROA+

Código	Obxectivo PROA+				
1	Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais				
INDICADOR 1	Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Número de actividades enfocadas no bienestar emocional	0	6	--	5	
INDICADOR 2	Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024

Número de exemplares de bibliografía para profesorado e alumnado relacionada coas emocións e o benestar emocional adquiridos	0	15	--	10	20
ESTADO DO OBXECTIVO	Acadado		En curso	<input checked="" type="checkbox"/>	Aprazado

Código	Obxectivo PROA+				
2	Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe				
INDICADOR 1	Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Porcentaxe de alumnado implicado que mellora os resultados nas competencias traballadas	0%	50%	75%	55%	
INDICADOR 2	Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Número de alumnado que aproba as materias obxecto de reforzo	50%	60%	75%	50%	
ESTADO DO OBXECTIVO	Acadado		En curso	<input checked="" type="checkbox"/>	Aprazado

Código	Obxectivo PROA+				
8	Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro				
INDICADOR 1	Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Porcentaxe de espazos do centro rotulados con pictogramas	0	75%	--	50%	100%
INDICADOR 2	Valor de partida	Criterio de aceptación	Valor 2021-2022	Valor 2022-2023	Valor 2023-2024
Porcentaxe de espazos da biblioteca escolar rotulados con pictogramas	0	70%	--	--	
ESTADO DO OBXECTIVO	Acadado		En curso	<input checked="" type="checkbox"/>	Aprazado

7. ACTUACIONES

ACTUACIÓN 1 (ACTIVIDADE PANCA)												
Código		Nome										
A305		Miradas emocionais para mellorar a aprendizaxe										
Obxectivo PROA+		1 Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais										
Indicador do logro da actuación (AP) (se procede)			Realización de actividades enfocadas no bienestar emocional									
Criterio de aceptación		6		Responsable(s)		Todo o claustro						
Alumnado destinatario e temporización:												
EI	3 anos	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real				
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN	
		Observacións										
	4 anos	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real				
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN	
		Observacións										
	5 anos	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real				
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN	
		Observacións										
EP	1º	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real				
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN	
		Observacións										
	2º	Temporización	Prevista		Todo o curso			Real				
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN	
		Observacións										
			Temporización	Prevista		Todo o curso			Real			

	3°	Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN			
		Observacións												
	4°	Temporización	Prevista	Todo o curso				Real						
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN			
	5°	Temporización	Prevista	Todo o curso				Real						
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN			
	6°	Temporización	Prevista	Todo o curso				Real						
		Grao de execución	NIN		EXE	<input checked="" type="checkbox"/>	APR		FIN		CAN			
			Observacións											

LENDAS: NIN (Non iniciada), EXE (En execución), APR (Aprazada), FIN (Finalizada), CAN (Cancelada).

ACTUACIÓN 2 (ACTIVIDADE PANCA)													
Código	Nome												
A230	Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias												
Obxectivo PROA+	Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe												
Indicador do logro da actuación (AP) (se procede)	Número de alumnado que aproba as materias obxecto de reforzo												
Criterio de aceptación	50%	Responsable(s)	Mestra PROA+ e titorías										
Alumnado destinatario e temporización:													
EI	3 anos	Temporización	Prevista	--				Real					
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN		CAN		
		Observacións	Non está prevista esta actividade para este nivel										
	4 anos	Temporización	Prevista	--				Real					
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN		CAN		
		Observacións											

5 años	Observacións	Non está prevista esta actividade para este nivel									
	Temporización	Prevista	--				Real				
	Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN		CAN	
	Observacións	Non está prevista esta actividade para este nivel									

EP	1º	Temporización	Prevista	--				Real				
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN		CAN	
		Observacións	Non está prevista esta actividade para este nivel									
	2º	Temporización	Prevista	--				Real				
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN		CAN	
		Observacións	Non está prevista esta actividade para este nivel									
	3º	Temporización	Prevista	Outubro a xuño				Real	Outubro a xuño			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN	
		Observacións										
	4º	Temporización	Prevista	Outubro a xuño				Real	Outubro a xuño			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN	
		Observacións										
	5º	Temporización	Prevista	Outubro a xuño				Real	Outubro a xuño			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN	
		Observacións										
	6º	Temporización	Prevista	Outubro a xuño				Real	Outubro a xuño			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN	
		Observacións										

LENDAS: NIN (Non iniciada), EXE (En execución), APR (Aprazada), FIN (Finalizada), CAN (Cancelada).

ACTUACIÓN 3 (ACTIVIDADE PANCA)

Código		Nome									
A233		Dinamización de bibliotecas escolares									
Obxectivo PROA+		Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro									
Indicador do logro da actuación (AP) (se procede)				Porcentaxe de espazos da biblioteca escolar rotulados con pictogramas							
Criterio de aceptación		70%		Responsable(s)		Equipos de biblioteca e de convivencia					
Alumnado destinatario e temporización:											
EI	3 anos	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN
		Observacións									
	4 anos	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN
		Observacións									
	5 anos	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN
		Observacións									
EP	1º	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN
		Observacións									
	2º	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN
		Observacións									
	3º	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre			
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN
		Observacións									
			Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre		

	4º	Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN		
		Observacións											
	5º	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre					
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN		
		Observacións											
	6º	Temporización	Prevista	Terceiro trimestre			Real	Terceiro trimestre					
		Grao de execución	NIN		EXE		APR		FIN	<input checked="" type="checkbox"/>	CAN		
		Observacións											

LENDAS: NIN (Non iniciada), EXE (En execución), APR (Aprazada), FIN (Finalizada), CAN (Cancelada).

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

8.1 Seguimento e avaliación das actuacións (Actividades Panca)

Código	ACTUACIÓN 1 (ACTIVIDADE PANCA)
A305	Miradas emocionais para mellorar a aprendizaxe
Seguimento 1ª Avaliación	
<p>Nun primeiro momento, durante a avaliación inicial, procurouse detectar aquel alumnado en risco en canto á situación emocional. A partir de aí realizáronse as seguintes actividades.</p> <p>Realizáronse as seguintes actividades:</p> <p>Traballo dos estados de ánimo en asembleas puntuais</p> <p>Traballo do reino das emocións en 4º e 5º de educación infantil</p> <p>Traballo do reino das emocións en 6º de educación infantil</p> <p>Traballo do reino das emocións en 1º de educación primaria</p> <p>Traballo do reino das emocións en 2º de educación primaria</p> <p>Contactar coa UACO para o traballo cun neno con diversa problemática e avaliación e traballo da profesional correspondente con este alumno.</p>	
Seguimento 2ª Avaliación	
<p>Ademais das recollidas na 1ª avaliación posto que se considerou positivo o seu desenvolvemento, engadíronse as seguintes:</p> <p>Expresión (escrita ou artística) de emocións acordes a audicións musicais en toda primaria</p>	
Seguimento 3ª Avaliación	
<p>Déuselle continuidade ás actividades recollidas nas anteriores avaliacións e engadiuse:</p> <p>Os caramelos das emocións en 2º de primaria</p>	
Revisión final	
<p>Tendo en conta que o criterio de aceptación era de 6 actividades e se realizaron 8 actividades das cales a expresión de emocións relacionadas coa música se fixo en toda primaria polo que se poderían considerar incluso máis, podemos concluír que os resultados son satisfactorios. Tendo en conta isto preténdese continuar promovendo actividades que fomenten a expresión de sentimentos e estados de ánimo e a procura do benestar emocional do alumnado e o profesorado.</p>	

Para o curso 2024-2025 valorarase a continuidade da mesma ou a substitución por outra que se considere máis necesaria nese intre.

Código	ACTUACIÓN 2 (ACTIVIDADE PANCA)
A230	Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias
Seguimento 1ª Avaliación	
<p>Durante o proceso e as reunións de avaliación inicial estableceuse a listaxe de alumnado beneficiario do programa</p> <p>Realizouse a atención ao alumnado beneficiario do programa do xeito previsto. Os resultados foron positivos e considérase que a aplicación desta actividade panca repercute satisfactoriamente no rendemento do alumnado beneficiario.</p>	
Seguimento 2ª Avaliación	
<p>Modificouse lixeiramente a listaxe de alumno beneficiario tras a reunión da primeira avaliación e en función de altas acontecidas no centro.</p> <p>Os resultados continúan a ser satisfactorios posto que melloran o rendemento do alumnado máis alá da repercusión nas cualificacións.</p>	
Seguimento 3ª Avaliación	
A evolución segue sendo favorable	
Revisión final	
<p>Os resultados foron positivos posto que o 50% do alumnado participante mellora as súas cualificacións e o 64% aproban as materias obxecto de reforzo. A maiores cabe salientar que o resto do alumnado non afonda na fenda con respecto ao nivel medio dos grupos.</p> <p>Considérase moi importante darlle continuidade a esta actividade panca no curso 2024-2025 e seguintes posto que repercute moi positivamente no rendemento do alumnado.</p>	

Código	ACTUACIÓN 3 (ACTIVIDADE PANCA)
A233	Dinamización de bibliotecas escolares
Seguimento 1ª Avaliación	
Creouse unha guía con pictogramas sobre o proceso de empréstito de libros para facilitar a	

integración e a autonomía de determinado alumnado

Seguimento 2ª Avaliación

Creouse unha guía con pictogramas sobre o proceso de empréstito de xogos de mesa. Considérase que esta beneficia ao alumnado con neae / nee facilitando o uso autónomo da biblioteca.

Seguimento 3ª Avaliación

Pictografiáronse as distintas zonas da biblioteca (empréstito, consulta, lectura informal, creativa, TIC). Esta medida procura afondar no uso autónomo da biblioteca por parte de alumnado con necesidades educativas especiais.

Revisión final

Valórase positivamente a aplicación desta actividade panca e analizarase a necesidade de continuidade da mesma ou a súa substitución por outra máis axeitada que podería ser a acollida de alumnado estranxeiro no caso de producirse novas chegadas de nenas ou nenos coma en cursos anteriores.

8.2 Avaliación dos obxectivos PROA+

Obxectivo O1		Incrementar os resultados escolares cognitivos e socioemocionais									
Indicador 1	Número de actividades enfocadas no bienestar emocional					Indicador 2	Número de exemplares de bibliografía para profesorado e alumnado relacionada coas emocións e o bienestar emocional adquiridos				
Criterio de aceptación	6	Valor de partida	0	Valor acadado	8	Criterio de aceptación	15	Valor de partida	0	Valor acadado	20
Valoración do logro	Superouse en dúas actividades o criterio de aceptación polo que se considera plenamente acadado o logro posto que repercutiron de xeito positivo no alumnado.					Valoración do logro	Considérase acadado moi satisfactoriamente mais procurárase adquirindo máis exemplares.				
Valoración do logro do obxectivo	Considérase o obxectivo superado tendo en conta os resultados de ambos indicadores e que, tras a actuación, non se detectaron novos casos preocupantes en relación ao bienestar emocional e os existentes van mellorando										
Proposta de mellora	Dar difusión dos recursos existentes ás familias e ao profesorado unha vez que toda a bibliografía estea catalogada na biblioteca.										

Obxectivo O2		Reducir o alumnado con dificultades para a aprendizaxe									
Indicador 1	Porcentaxe de alumnado implicado que mellora os resultados nas competencias traballadas					Indicador 2	Número de alumnado que aproba as materias obxecto de reforzo				
Criterio de aceptación	50%	Valor de partida	0%	Valor acadado	50%	Criterio de aceptación	60%	Valor de partida	50%	Valor acadado	64%
Valoración do logro	Acádase o criterio de aceptación polo que se valora como satisfactorio. Hai que ter en conta que as cualificacións do primeiro trimestre adoitan ser máis altas					Valoración do logro	Supérase lixeiramente o criterio de aceptación polo que se valora positivamente o logro do indicador				

	porque parte dos contidos son de repaso do curso anterior.		
Valoración do logro do obxectivo	<p>O apoio da mestra de reforzo considérase moi positivo e permitiu que o alumnado mellorase as súas cualificacións ou noutros casos non as empeorase e non se incrementara o desnivel de coñecementos con respecto á media do grupo.</p> <p>Máis alá das cualificacións obtidas, considérase moi positiva a actividade panca e o traballo realizado pola mestra de reforzo PROA+ ao longo do curso escolar co alumnado beneficiario do programa.</p>		
Proposta de mellora	<p>Dar continuidade a esta actividade panca e incrementar a presenza da mestra ou mestre de reforzo a xornada completa tendo en conta a gran cantidade de alumnado con nee e neae existente no centro e tamén alargar a súa contratación a todo o curso porque ademais da utilidade do reforzo durante todo o período de clases, tamén sería oportuna a súa presenza nas sesións de avaliación finais.</p> <p>Considérase que sería positivo ampliar este reforzo aos dous primeiros cursos de educación primaria posto que se poderían atallar problemas que a posteriori se magnifican e resultan máis complicados de paliar.</p>		

Obxectivo O3	Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro										
Indicador 1	Porcentaxe de espazos do centro rotulados con pictogramas					Indicador 2	Porcentaxe de espazos da biblioteca escolar rotulados con pictogramas				
Criterio de aceptación	75%	Valor de partida	0%	Valor acadado	95%	Criterio de aceptación	70%	Valor de partida	0%	Valor acadado	100%
Valoración do logro	Valórase como moi positiva a consecución deste indicador posto que case se logrou a totalidade de estancias do centro pictografiadas.					Valoración do logro	Considérase o indicador logrado de xeito sobresaínte ao acadar rotular todos os espazos da biblioteca.				
Valoración do logro do obxectivo	Considérase que se avanzou no obxectivo de ser unha escola máis inclusiva que ao inicio de curso e entendemos que o alumnado con neae ou nee está cada vez máis integrado na vida diaria do centro sen prexuízo de que se deba continuar a traballar neste sentido.										
Proposta de mellora	Rotular os espazos que están pendentes de facelo ata acadar o 100% de estancias identificadas con pictogramas.										

Para o curso escolar 2024-2025 deberíase valorar a necesidade de darlle continuidade ao traballo en prol da mellora deste obxectivo a través desta actividade panca (A233) ou trocar esta pola actividade panca "Plan de acollida do alumnado inmigrante e integración na aula" (A209) en función da chegada ou non de alumnado do estranxeiro.

9. PROCEDEMENTO PARA A DIFUSIÓN, REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DE MELLORA

Trala súa redacción por parte do equipo impulsor do PEM tendo en conta as enquisas realizadas polos diversos sectores da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias, PAS e representante do Concello da Guarda), este plan require da aprobación por parte do Claustro e polo Consello escolar o día 28 de xuño de 2024.

Unha vez superado o trámite anterior, procurarase dar difusión a este plan de xeito que acade o maior número de persoas compoñentes da comunidade educativa que sexa posible. Para iso, en primeiro lugar colgarase na web do centro no apartado de programas e plans do centro con aviso na páxina de portada. A continuación comunicarase este feito a través de Abalar móbil e das redes sociais do centro (Facebook e Instagram).

Por outra banda preténdese dar continuidade ao equipo redactor do PEM para que se encargue de avaliar o plan e realizar, de ser o caso, a súa revisión de xeito que recolla as posibles melloras achegadas e a valoración da pertinencia da continuidade ou substitución das actividades panca escollidas. En caso de que algunha das persoas integrantes do equipo xa non forme parte do centro nos cursos seguintes escollerase unha persoa que a reemprace que, de ser posible, reúna unhas características similares en canto a cargos e representatividade. A partir de aí, realizarase a solicitude de continuidade neste programa seguindo as instrucións ou normativa ao respecto.

En A Guarda, a 28 de xuño de 2024

Asinado: Javier Constenla Ribadeo
Director do CEIP Manuel Rodríguez Sinde